

ALENTO

BOLETÍN DE ESTUDOS POLÍTECOS

CONTÉN:

Editoriás.

Nacionalismo galego. - *Vicente Risco*

Apuntes en col do Tribunal de Garantías. - *Xohan Brañas*.

Un arte da Terra. - *Lois Seoane*.

Crónecas: Valenza. Baleares.

Diario dunha viaxe de nazonalistas:

Galezca. - *A. das Casas*.

Galiza

N.º 3

Setembro

1934

Prezo: dous reás

RG 1/4 • Fardo Pariza Parizal

ACADEMIA XELMÍREZ

Colexio Residencia

Conga, 9 e Xelmírez, 11 - Teléf. 1236 - Apartado 20
SANTIAGO

Profesorado Tiduado

Todal-as habitazóns da residencia están no colexio e teñen luz directa, auga corrente e timbres elétricos, coartos de baño e duchas.

Biblioteca, gabinete de Física, laboratorio de Químeica. Seizón de deportes.

R. Rodríguez Somoza

ESPECIALIDADE
EN DOENZAS MENTÁS

Huérfanas, 21

SANTIAGO

F. Barreiro Saláño

Périto Agrícola

Campo do Gayo, 14 - SANTIAGO

Xohan Xesús González

ABOGADO

Matriculado nas Audenzas
da Cruña e Pontevedra

RUA NOVA núm. 46 - 1.º
SANTIAGO

SANATORIO

DEL

Dr. M. Villar Iglesias

PROFESOR

DE LA FACULTAD DE MEDICINA

★

Vías urinarias y Radiumterapia

★

Xeneral Pardiñas, 9

Teléfonos 1504-1597

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Librerías Porto

*Libros de Texto
pra total-as Facultades
i-Escolas Especíais.*

Libros de Consulta, Estudos e Recreo.

Biblioteca de utilidade práctica.

PRAZA DE CERVANTES, 12

Teléfono 1223

RUA DO VILLAR, 16

Teléfono 1123

Apartado de Correos, 9

SANTIAGO DE COMPOSTELA

EDITORIAS

Os concellos en crisis

Tamén no noso país, e acaso con maor furor que noutras terras, seguen os representantes do goberno hespañol a súa loita contra os concellos onde non ten maoría o partido radical. Na loita, que fire os máis elementás istintos democrátecós, nen se perde o tempo en maxinar disculpas máis ou menos razonabres.

Non chegan a nós as rivalidás que poidan soster partidos que teñen a súa xefatura en Madrí e que traballan levados por ideás sempre alleos a Galiza, e que se suxeitan a intreses sempre lonxanos e moitas vegadas opostos aos sagros intreses da nosa Terra. Mais o procedimento de sustituzón, pol-o que ten de tiráneco, é repudiabre e diante dele erguemos o noso rexo protesto.

Non percisa comentarios o xesto dos que se aveñen a sustituir aos concellás que foron eleitos pol-o seu pobo: un nazonalista endexamáis pode aceitar postos que ofrezan libremente o goberno da Hespaña. Pro neste intre abonda un mínemo de propia estimazón pra negárese a servir, en tristeira complicitade, unha política gubernamental incompatibre xa cos nosos tempos.

Alento a Euzkadi

Con toda a forza eispresiva do noso nome xuntámonos a Euzkadi na súa xesta, que encomenza nun abrente de xurdia civilidade e ten de rematar —e rematará— na consagración preña das súas liberdades.

Multados seus mellores xornás, pechos os seus batxokis, aguilloados os persoeiros dos seus concellos, o pobo éuscaro avanta en roda da bandeira bicrucífera nun mañífero pelerinaxe multifecundo en heroísmos.

Nós, os galegos de corpo e ialma, os que temos a lediza de levar os hourizontes pátreos en cada pinga do noso sangue, enxamos outra vegada a sorte dos irmáns pirenáicos que outra vegada máis, na súa groreosa histórea, sofren fame e persecuzón pol-a xustiza.

Craudicazón de Compostela

É tristeiro confesalo: Compostela, eixe e capitalidade histórica da vida galega, fogueira acesa na que arderon sempre as labaredas máis puras da nosa espritoalidade, fuxe da súa outa primacía con medo; cun medo que nos enche de estupor e de vergoña. O eispeitáculo do noso concello non atrevéndose nen a discutir a súa adhesión a Euzkadi, porque esí llo ordeara o seor gobernador cevil, é un eispeitáculo que mágoa e afrixe. Houbéranse pronunzado en contra e houberan ficado máis decorosamente. Na asamblea de Zumárraga léronse adhesións dos concellos de Granada, Santander, Zaragoza, Valladolid... namentras os persoeiros de Compostela aínda tremían na dúbida por si aínda non fíñan sido suficientementes obedintes. É verdade que non a todos se lle poden pedir aitudes heróecas, mais é verdade tamén que aqueles que non están en condizóns de defender he-

róecamentes os seus ideás, non deben cobizar representazóns que sempre, sempre, imprican compromisos e responsabilidade.

Unha capitalidade como un caudilaxe non pode ser concedida por mercede: gáñase. E Compostela, que outrora gafiou primeira xerarquía, agora mostrou no seu concello ou non sabere conservala ou cobizar perdela. Grande pecado pra os representantes dun pobo i-en todo caso perda de ben difícil haxádego.

Necroloxía

Nestes intres de fonda preocupazón pra todol-os nazionalistas ibérecos, unha nova desgraza nos acontez: a morte dun patriota que outrora soupo merescer a estima afervoadada dos seus: caíu alá embaixo, no máis fondo, doente de ambizón, frébil de cobardías, Xosé Oriol Anguera de Sojo. E mellor que a soma proteitora da Virxe de Monserrat, mellor que as ondas do seu mar nativo, mellor que a compañía de aqueles que falan a sua língoa e aínda respeitan a bandeira que outrora cobríu seus millores ensonos, preferíu no seu enterro —en Madrid— aprausos intresados de ricos anticristiáns, e gabanzas a rédito —e unánemes— de todol-os nemigos de Cataluña.

Sorte ruín pra un home que na primeira metade da sua vida tiña merescido unha vellez sen remordimentos e un pechar dos ollos, en casal paterno, entre pregáreas e bendizóns.

NACIONALISMO GALEGO

II

MOTIVACIÓN ACTUAL

Nacionalismo haino sempre en toda nación onde os homes qu' a compoñen sinten amor â sua patria. O nacionalismo é, no ámbito do sentimento, equivalente ao patriotismo. Endebén, o sentimento patriótico pode non expresarse n-un instante dado, n-unha doutriña, nen n-unha orgaización; mais n-unha Patria vivente, eisiste sempre coma sentimento ou coma tendencia. É a necesidade a qu' o fai formular coma doutriña ou coller corpo coma orgaización. O sentimento patriótico pode ser unha forza queda, mesmo adormentada, pódese trocar de súpeto n-unha forza explosiva.

Pol-o geral, a tendencia nacionalista colle corpo, ou estoura ou maniféstase coma dinamismo operante, nos instantes de perigo pra a nacionalidade, cando ésta vai esprimentar, por culpas propias ou alleas, un menoscabo no seu patrimonio espirtual, nos seus intreses económicos, nas suas liberdades. Moito máis, cando ameaza a morte da nacionalidade.

O nacionalismo é un fenómeno perfectamente natural de loita pol-a eisistencia, de resistencia contra da morte, de instinto de conservación. O nacionalismo é unha *reacción vital*. É o esforzo qu' o orgaísmo espirtual que é unha nación, fai pra non morrer, pra persistir, pra eternizar, dentro da relatividade das cousas do mundo, a sua fisonomía histórica, que quer defender e prolongar no tempo tanto coma sexa posíbele. É coma esas reaccións contra da doenza físeca que case sempre son, nos orgaísmos individuás, as que salvan da morte. O nacionalismo é a acumulación e dinamización de totalas reservas d' enerxía con que conta un pobo.

Ora, as causas que ameazan a vida d' unha nación, poden ser causas externas e causas internas.

As causas externas proveñen do impererialismo, do istinto d' expansión e domiñanza d' outras naciós. E poden acontecer difrentes casos, dos que señalaremos dous coma os máis típicos: 1.º A nación que se defende é independente, goza d' inteira soberanía, e véese ameazada de ser invadida, conquerida, intervida en calquera forma, por outra nación máis ou menos poderosa. 2.º A nación que se defende forma já parte, con outra ou outras naciós, do mesmo agregamento políteco, Estado federal ou unitario, e véese ameazada por iste Estado nas liberdades que dentro d' il gozaba, ou, gozando ou non de liberdades, nos seus intreses materiás ou económicos, ou nos seus intreses espirtuás (língua, relixión, costumes, etc.). As causas externas proveñen, pol-o tanto, d' outras naciós, ou do propio Estado a que a nación está sometida, e exercen a súa acción por meio da forza militar ou da forza burocrática.

As causas internas proveñen da propia psicología nacional; son doenzas do espírito colectivo, desvirtuamentos da mentalidade popular. Siñalemos tres: 1.ª A dispersión, que se produz cando as loitas de partido ou de clás, facendo esquecer o intrés nacional común, dividen fundamente ao pobo en parcialidades que se fan crúa guerra interior, destruindo a cohesión nacional, ben na orde dos feitos, ben nos seus fundamentos moraes. 2.ª O traumatismo moral que se produz cando o pobo ou a élite directora rompen co-a tradición co gallo de querer emprender unha vida nova sen prudenza histórica e pol-o tanto, sen base biolóxica natural, camiñando d' iste xeito á extinción da nacionalidade. 3.ª O crebanto da vontade nacional proviñente d' unha depresión fonda do sentimento patriótico, ou d' un escurecemento da conciencia colectiva.

Ora, a vida de Galiza achábase cando emprinciaron os primeiros movementos de caraute nacionalista —já dixemos que hai que entender coma taes os que se chamaron regionalistas— ameazada por causas externas e por causas internas.

Causas externas: o Estado hespañol, de que Galiza ven formando parte, longe de recoñecer as difrenzas que nos arredan das outras terras nas que tamén exerce soberanía, tratou sempre de borrarlas, de facelas desaparecer, asimilando a Galiza por comrepto á terra que aquil Estado prefire antre todas. Hespaña está constituída, en

virtude das circunstancias históricas e geográficas que concorriron no chao peninsuar, por varias e difrentes nacionalidades, difrentes pol-a sua orixe étnica, pol-a sua língua, pol-a sua cultura. Sexa pol-o que sexa, o conto é que, antre todas esas difrentes culturas nacionás, o Estado hespañol, escolleu unha d' elas, Castela, coma modelo eixemprar, único e indiscutíbele da hispanidade, e tratou sempre de impôr ás demáis o modelo de Castela. Se non manifestou endejamáis respeitoso co-as difrenzas que íl chama oficialmente regionás, senón que levou de cote unha políteca asimilista. Obedecendo a ela, impuxo en Galiza a usanza oficial e escolar da língua castelán, a coñecencia escrusiva da historia de Castela, â que se reduz no ensino a historia de Hespaña; unha geografía feita dend' o punto de vista de Castela e Andalucía. Apricou en Galiza leis feitas pr' as necesidás e pr' as comenencias d' outras terras, sempre perjudiciás pra Galiza; abandonou a ésta aos seus recursos, namentras protegía os produtos, as industrias e o traballo das demáis; e outras moitas cousas que n-outro lugar han ser tratadas.

Por parte, non era somentes o Estado. Já dend' o século XVI manifestaron de cote os casteláns xenreira e dispregio cara Galiza e os galegos. E non somentes o pobo iñorante, senón os grandes escritores de Castela, as figuras eminentes do seu *século d' ouro*: Cervantes, Lope de Vega, Góngora e outros moitos ceibarón nos seus escritos aldraxes a eito contra de Galiza e dos galegos, e andando o tempo, o mesmo nome de *gallego* chegou a ser un aldraxe nos beizos dos casteláns. E as grorias históricas de Galiza calábanse, e non se mencionaban os seus moimentos, a sua paisaxe, os seus produtos, a sua literatura, namentras se loubaban sen medida os das demáis terras da Hespaña.

Causas internas: a poder de vérense esquecidos e aldraxados, os galegos chegaron a coidar que os qu' os dispregiaban tiñan razón, e creóronse pequenos, probes, iñorantes, incapaces, coitados. Formouse no espírito dos galegos o *comprexo d' inferioridade*, e sintiron vergonza de sí mesmos e de Galiza; vergonza da sua fala, dos seus costumes, dos seus vestidos, das suas casas. Convirtíronse n-un pobo homildoso e supricante, sen vontade, escravizado, disposto a aturar todo o que lles botaran riba do lombo.

Coma lles presentaban a Castela coma modelo úneco dino d' imitanza, precuraron falar castelán, vestir a blusa castelán e a boina

vasca; quixeron facer plazas de touros, foron abandoando os seus costumes e deixando esquecer as suas tradicións, esberrallarse os seus moimentos, iñorar a sua cultura, perderse as suas pequenas industrias, decalvar os seus montes, escorregar sen aproveitamento a suas augas, etcétera, etcétera.

Galiza era un pobo de desleigados que rompía co-a tradición propia e quería acoller unha tradición allea, inteiramente rifada co seu temperamento, co-a sua maneira de ser, pol-o qual víñalle com' unha carantoña d' entroido, co-a que faguía a máis tristeira e ridícula figura, ao mesmo tempo que s' emprobecía, que s' incapacitaba pra o exercicio das liberdades públicas propias dos pobos modernos, e tiña que precurar na emigración o pan e a vida civil que non podía gozar na sua patria.

Era o *desleigamento*, a perda da conciencia galega, a anulación do patriotismo.

Galiza daba a sensación d' un pobo suicida, d' un pobo que se quería anular a sí mesmo, que quería afogar as suas características, borrar toda difrenza qu' o poidera distinguir, pra desaparecer coma tal pobo.

Era un verdadeiro suicidio coleitivo. Era a morte sen remédec pra a nosa amada Galiza.

Entón xurdíu o nacionalismo. Aquiles que no seu sangue sintían o cantar da terra, a voz da y-alma anterga de Galiza que non quería morrer, que non quería deixar de ser a Galiza engebre, galega, difrente, inconfundíbele, empuxados por unha valente e santa cobiza criadora, surtiron das suas casas e déronse a traballar pol-a restitución da tradición galega. Era a reación vital que se producía.

A noncuranza dos seus país deixáralles unha Galiza desgaleguizada, chea de vergonza de sí mesma, mimética, suicida, afundida por baixo d' unha ingente morea de prejuizos e falsedades que unha educación viciosa, guiada por un Estado que era o primeiro en se sentir alleo a nós, emborcara por riba d' ela. Era caso de vida ou morte: presentábase diante a urgencia d' unha reación salvadora, d' unha campaña, d' un movemento que recollera total-as forzas nacionás pra resgatal-a persoalidade de Galiza.

En primeiro lugar, era un probrema de dinidade coleitiva, e ata un probrema de dinidade individual pra cada galego; mais tamén era un probrema d' utilidade, millor, de necesidade, tanto

na orde espiritual da liberdade, coma na orde material dos intereses económicos.

Ora: estes movementos son sempre primeiramente d' unha élite. Son os máis intelixentes, os máis cultos, os de máis delicada sensibilidade artística e moral os que perciben estes chamamentos da y-alma do pobo, esta *voz do sangue*, e é a base das élites que ha ser despertada a conciencia nacional que dorme, recostituída a tradición nacional, primeiro d' un xeito teórico. Por iso, perante máis d' un século, o nacionalismo galego, o galeguismo — mesmo se chamara entón regionalismo — foi asunto escrusivo d' inteleituás, de poetas, de historiadores, de agitadores polítecicos teorizantes e isolados. Eran unha élite, unha pequena minoría, a que pra revivescer a conciencia galega e refacel-a nosa cultura, contaba somentes con recursos espirituás, e tiñase que expor á persecución, ao dispregio, ao ridículo, ou á máis tristeira sorte de pradicar en deserto. Foi preciso o sacrificio dos mellores galegos de dúas ou tres geraciós, que se resañaron a loitar na probeza e na escuridade, sen aitudes heroicas nen chamativas, olladas moitas veces c' un sorriso de lástema, e que deitaron a semente que nós andamos a acalentar.

Foron os primeiros espertigos da conciencia nacional galega que encomenzaba a erguerse contra da morte qu' a ameazaba.

VICENTE RISCO.

APUNTES EN COL DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS

Non pensamos n' iste intre faguer unha crítica nin do Tribunal de Garantías nin da súa situación; imos faguer sinxelamente unhas observacións que coidamos afinadas, dende que o Goberno da República Española, tivo a ben presentar un recurso contra unha lei da Generalitat Catalana, pol-o que recaeu un fallo que foi comentado por total-as bandas, criticado ou loubado, según fose quen do asunto falase. Como consecuencia de todo esto o Tribunal de Garantías tivo unha baixa como institución creada pol-a República; non é hoxe pra opinión o Tribunal de Garantías aquela outa corte de xusticia c' a que soñou n' un día todo un país, o Tribunal de Garantías perdeu a súa virtualidade, tan é así que xa se pensou en novas formas, en novas institucións, que poideran substituíre a ésta con ventaxa.

O Tribunal de Garantías, que foi creado n' a Constitución do ano 1931, ítt. IX, que trata de «Garantías y reforma de la Constitución», responde a unha necesidade de orden xurídico e de orden político; é on tempo un gran tribunal constitucional, garantía do dereito en total-as súas manifestacións dentro da vida d' un estado e un rexo pilar en que pode asentarse toda unha democracia.

Non dubidamos que entre todo o conglomerado de «recursos» que ô Tribunal están atribuídos, o que máis importancia ten, non soio dende o noso punto de vista, sinon pol-o maior volume de asuntos que por este lado han de chegar ô Tribunal, é o asinalado n' a letra c) do art. 121, que dí: «Los conflictos de competencia legislativa y cuantos surjan entre el Estado y las regiones autónomas y los de éstas entre sí». Veuse esto prácticamente en todo o tempo que leva de vida o Tribunal, cando soio é un pobo de todol-os ibéricos o que goza d' un estatuto autonómico. Qué será cando formen un grupo político-administrativo todol-os demáis pobos d' a Iberia e disfruten d' unha carta autonómica según lles permite a Constitución d' a República? Orgaizado o Tribunal de Garantías en Tribunal de Xusticia,

quén pode responder que pode manterse dentro d' este marco? Cal é a garantía que garantiza ó Tribunal?

Fago estas preguntas que van animadas d' a máis sana imparcialidade, sin ter a intención de sospeitar que pase algo do que podía motivalas; mais está dentro da posibilidade, e isto sí que non pode esquecerse, precisamente porque non queremos que o Tribunal de Garantías chegue a ser algo distinto de como foi concebido.

Mais camiñando pol-o campo da posibilidade, si paramos en que forma se reclutan os membros d' este Tribunal, pódese afirmar a posíbele introducción d' unha tendencia política ou partidista dentro do órgano que ha de velar nada menos que pol-a integridade d' un réximen plasmado dentro da Carta Constitucional.

Apuntamos aínda outro perigo. Está admitido pol-a doutrina, como evidente, que o poder do Estado ten unha forza atractiva que se resume n' a concentración de todol-os poderes; é iste o camiño que se sigue n' a formación de todol-os Estados. Agora ben; a Constitución da República Española crea un réximen de descentralización política e administrativa, dando nacemento ós entes rexionaes non soio no campo d' a administración sinon no político. O Tribunal de Garantías é a única salvagarda que teñen estes grupos político-administrativos enfrente a un poder absorbente por necesidade, e máis forte que eles. De non haber este equilibrio córrese o perigo de que o pobo orgaizado política e administrativamente pol-o seu Estatuto se vexa absorbido pol-o Estado, ou manteña unha constante situación de desconfianza e tirantez que pode chegar a situacións de forza.

Contra este perigo non hay máis que un recurso: que os delegados rexionaes sexan elexidos pol-os Estados autónomos, sendo así representantes auténticos que conseguírfan unha plena eficacia pr' a conservación d' as autonomías que é a conservación d' a Constitución, no momento en que todol-os pobos d' a Iberia tivesen o seu Estatuto e se rexisen dentro do marco das autonomías.

Sólo estes delegados son os que dentro do Tribunal poden manter un control que impida á forza centralizadora d' o Estado absorber todal-as liberdades que a Constitución concede ós pobos diferenciados.

Por outro lado pensamos que pode con ventaxa ser substituído o Tribunal de Garantías, n' as funcións que lle están asignadas n' a letra c), art. 121, por un órgano político de control que con máis flexibilidade solventara as cuestións que poidan surxir entre o Estado y-as rexións autónomas en réximen de Estatuto, cousa que non pode faguer un órgano xudicial, un tribunal de xusticia.

XOHAN BRAÑAS.

UN ARTE DA TERRA

e non un arte puramente cerebral, podía ser afirmazón dos artistas plásticos d'esta hora, contemporáneos a nós da Galiza que rexurde. Unha afirmazón d'un arte nazonalista, noso precisamente por nazonalista, non é a pretensión máis ou menos utópica d'uns propagandistas políticos doctrinariamente parciais, sinon a realidade viva que xurde en col de nós e afirmada cada día máis no pensamento dos nosos máis escrarecidos artistas plásticos.

Afortunadamente alonxada xa, a época dos artistas que pretendían un arte galego, atopando os feitos diferenciaes, nos traxes e nos ollos lánguidamente craros das nosas mulleres, d'aqueles artistas excelentes conoedores, o mellor da técnica, pero que cegos á vida que xurdía a carón d'eles, ollaban soilo a anécdota, o detalle pintoresco, que podía diferencialos dos artistas d'outros países. A principios do século os concursos «nacionaes» de Madri enchíanse de cadros que levaban a nota variante na cerámica de Talavera, no pano d'as nosas campesiñas ou nas viñas dos caseríos vascos. N'este intre do arte —cativo arte— o pintor ou escultor está suxeto ó pintoresquismo snob e vai da man do artista literario. A pintura non interesaba a naide como pintura en sí mesma e os cadros tiñan de ingresar directamente nos salós da «boa sociedade» que sempre rapugnan do pintor verista, que presenta as lacras crúas da realidade. Era un arte fundamentalmente antipopular. Era un arte para agradar a unha minoría, o que era peor. Lonxe d'eles o dinamismo que fixo brotar o exemplar arte popular d'as máis grandes épocas do Renacemento Italián. Un arte eisl non podía ser un arte popular, un arte nazonal, pra ser tiñan de beber nas fontes vivas d'os feitos diarios e da Natureza que os cercaba. E iles servíanse da anécdota, do tipismo, e os nosos pintores non se distingufan fundamentalmente d'os pintores de

Extremadura ou Castela. Un paisaxista noso, por ex., non se esforzaba en conquistar e esencia mesma da paisaxe, abondáballe con conquistar a ficción da brétema, pra considerar que aquilo era xa pintura galega.

É indubable que o arte é internazonal pero o artista debe de ser nazonal, e a súa obra terá a forza da realidade que o enmarque.

D' unha paisaxe e d' unhas características humanas diferenciacoes, nasce un arte diferenciado, o estudo da realidade fixo que hoxe nase un arte absolutamente noso. Da nosa realidade campesina, d' os anxeios e as angurias d' os nosos campesiños —diferenciados nos seus medios de vida d' os de outros países— nasce un arte nazonal, cúa principal distinción é o seu dramatismo profundo, e a imaxe estética n' esta forma —forma dramática— e soio vida porificada dentro da imaxinación humana e reprotectada por ela. Como un berro ou unha protesta levántanse hoxe os persoaxes dos cadros de Colmeiro e Maside, persoaxes da nosa terra, cúa vida d' un dramatismo fero é problema absolutamente noso con características diferenciacoes absolutas. Iste arte novo, nazonal, xa non cabe na estreitez mezquina d' unha minoría adifneirada simplemente ou intelixente; fai falla saír a eternizar o seu dramatismo, nas paredes e nos muros que o han de faguer profundamente popular. No arte inflúe a realidade da época c' as súas cativeces ou c' as súas grandezas, e o artista debe contribuir ó desenrolo da conciencia humana na medida d' as súas forzas. Isto non quere dicir que o artista e o arte teñan de ser doctrinarios, bástalles con ser simplemente humanos. O noso artista contribúe hoxe a estes fins e contribuirá moito máis o día que a protección particular ou oficial, non faga do arte obxecto de indiferenza nin obxecto privado de museo, sinon obxecto vivo de ensino.

«Todo arte é propaganda» dixo un escritor socialista acertadamente; o noso é propaganda da nosa realidade. É propaganda do feito diferencial da nosa realidade xeográfica, da nosa realidade humana e social. Por ser propaganda xa non cabe a nosa pintura na estreitez cativa d' os cadros. Xa non é a nosa pintura, nin a nosa escultura, pra salóns minoritarios ó marxen do pobo. A «Campesina» de Maside ou a «Cesta con cotelo» de Colmeiro —poñendo os exem-

pros que primeiro me asaltaron à memoria— é pintura que non cabe en cadros e cadros que non caben nos seis planos d' un salón. É pintura que pide a berros unha parede, un muro, que a manteña ergueita como unha protesta muda do noso país, e isto non cabe na catívez d' unha sala. «A leiteira» —outro exemplo— de Eiroa non pode ser estatua que decore a sala de ningún concello, sinon a imaxen do pobo feita pr' a o pobo que desaffe os ventos e as augas do aire libre.

O artista noso ten de arrincar d' os feitos cotiáns, a convicción que sirva de axitado motor da súa obra. A convicción cristián fixo brotar às primeiras épocas do magnífico Renacemento Italián. A convicción cristián fixo o miragre de que brotase a soberbia construción de Sant-Iago. A convicción da nosa nacionalidade, das nosas características humáns, en nós mesmos, fai hoxe brotar o arte noso, absolutamente noso, que é grande na medida que o son os homes que o fan. Un arte campesiño fillo da realidade campesiña.

Emilio Zola definiu o arte como un anaco da vida ollada por un temperamento. Egon Erwin Ksh añadíulle «por un temperamento revolucionario» e nós pensamos que é d' eiquí d' este senso do arte de donde nasce o noso auténtico nazionalismo plástico que é a vangarda do movemento intelectual da Galiza d' esta hora.

A teoría do arte pol-o arte opoñemos a teoría do arte pol-os homes. Un arte da terra e non un arte cerebral.

LOIS SEOANE.

CRÓNICAS

A Semán Valenzanista

Costitufu un éisito, como nos anos percorridos, esta grande manifestazón totalitaria da cultura valenzán. O *Centre d'actuació Valencianista* pode gabarse unha vegada máis do seu trunfo no inquerito de erguer a sensibilidade inteleitual e políteca do noso pobo. A imensa concurrencia ás sesións, confrenzas e visitas xa acredita a importancia desta orgaizazón.

En Castellón, a fermosa cidade, inauguróuse a semán no pazo da Diputazón. Logo visitáronse os edifizos e moimentos notabres e as entidás patriótecas ao fronte das que se sinala a *Societat Castellonença de Cultura* que publica, bimensualmente, un notabre *Butlletí*.

O resto da semán percorreu na cidade de Valenza. O 23 de xullo adicóuse á Arquiteitura, visitando a Lonxa na compañía do señor Feliú Dosart.

Pol-a serán, no imenso salón de festas do Concello, o arquiteito Sr. Mora, presidente do *Cercle de Belles Arts*, falou en col da arquiteitura meioeval valenzán.

Na Diada da Pátrea inauguróuse a eisposición de plans, maquetas e croques. Gostou moito un gran mapa do país feito pol-o arquiteito i-enxenheiro Sr. Xaquín Rieta co-a colaborazón do xeógrafo Sr. Bent. Rexístrase unha mañífica confrenza do Sr. Bent i Belenguer en col das bisbarras valenciáns, base da futura división territorial do país.

Na coarta feira fíxose a Diada da Irmandade. De mañán, receizón no cencello; ás duas, xantar popular, co-a asistencia de delegazóns de todo o territorio; na serán, unha xurdia festa na Universidade, con perto de tres milleiros de persoas, na que falaron persoeiros das principás vilas e o diputado Sr. Reig. Léuse, entre moitísimas adhesións, unha, afervoadá, da Xeneralidade de Cataluña.

O 26 adicóuse á Agricultura, con visita á Granxa de Burjasot e

confrenza do Sr. Bru i Rico. Encomenza un cursiño de fala rexentado pol-o ilustre mestre Carles Salvador.

O 27 adicóuse á festa do libro, con visitas a bibliotecas e confrenza en col da empresa valenzán a cárrego do Sr. Llorente Falcó, director de *Las Provincias*.

O 28 foi a Diada da Industria cunha confrenza en col dos gremios do director da Biblioteca Universitaria Sr. Ibarra Falgado.

O 29 fíxose a crasura da semán en Alicante, onde se xuntaron milleiros de bons patriotas, que escoitaron un valente i-erudito discurso do loitador nazonalista Sr. Xaquín Reig.

Eis eiquí, telegráficamente eispricada, nosa laboura. Non vulgo perciso consifiar que o idioma oficial en todol-os nosos aitos foi o valenzán. O pobo respondéu en todo intre, apaixonadamente, a esta nova i-eispréndida eixaltación da nosa pátreia valenzán.

ROBERT MORODER.

A políteca nas illas Baleares

Oito partidos, de máis ou menos importancia, loitan na políteca das illas.

O máis forte é sen dúbida o das Dereitas Autónomas (Ceda), dirixido pol-o marqués de Vergel. Orgaizóuse despóis de disoltas as Costitufntes e conqueríu nestas Cortes dous deputados. Loita no xornal *Correo de Mallorca*, que tamén fai campaña pol-os tradizionalistas e outros agrupamentos confesionás.

Séguelle o *Centro* que fai a políteca de Xohan March, e ten tamén dous deputados. Os dous partidos están en moi boas relacións e apóianse conxuntamente.

A seguir percísase anotar o Partido Socialista, que ten a sua maor forza en Palma. Nas Costitufntes tivo un deputado, Alexandre Jaume; hoxe non teñen nengún. Sosteen un xornal nomeado *El obrero Balear*. Houbera tido agora un representante no Parlamento, mais tiveron de ire á segunda volta e nela foron vencidos por un forte frente úneco antimarxista. En Palma teñen cinco concellás. Os seus líderes son García e Ferratjans, e o de maor prestixio intelectual é o director do Instituto de Felanitx, Andreu Crespí, home de fonda comprensión do noso probrema autonómeco; o resto do partido é nemigo noso.

Pouca menos forza ten o partido lerrouxista, que conta un deputado por Menorca: Xohan Teodoro Canet. O xefe do partido, eiquí orgaizado autónomamente como en Valenza, é Francesco Juliá. Este partido é tamén nemigo da nosa autonomía.

Segue en importancia o partido rexionalista, que se inspira en Cambó e calca a súa orgaización na Lliga. Fica dito todo. Seu xefe é Bartolomeu Fons Xofre de Villegas, aitual deputado. Nas Costituíntes non conqueriron nengún posto.

Ocupa o seisto logar a Esquerda Republicán, conxunzón de azañistas, radicaes-socialistas, etc. O aitual correxedor de Palma, Emilio Darder é deste partido que, dito sexa de pasada, é o mais afervoado simpatizante co posibre Estatuto mallorquín. Pubrican o xornal *El Día*.

Os tradizionalistas teñen pouca xente e nen posibilidade de representación parlamentaria. Diríxeos o conde de Torresaura e pubrican un semanario: *La Reconquista*.

Menos xente aínda teñen os radicás federás, que si contan no concello de Palma con catro concellás é porque foron xuntos nas eleccións cos outros elementos de esquerdas. Destaca dentr-eles López Palop, cadeirádego do Instituto. Son nemigos da autonomía. Nas Costituíntes loitaron xuntos cos lerrouxistas.

O partido comunista é o de orgaización máis cativa, pro adianta cada vegada máis con moitas posibilidades.

Esí pois os dous partidos máis autonomistas son a Esquerda e o Rexionalista, e os máis antiautonomistas os radicás-federás e os socialistas.

Convén sinalar que o xornal máis importante do arxipiélago *La Almudaina*, independente, defende as nosas arelas i-é o úneco que publica artigos na nosa lingua. Estó amostra un sentimento e unha concenza das xentes, cada vegada máis intresadas nos nosos problemas.

PEDRO SIQUIER.

DIARIO DUNHA VIAXE DE NAZONALISTAS. GALEUZCA

(Continuazón)

A maior parte deles visten a roupa de mendigochoales. Soio temos audiencia as representazóns e as nais dos presos que, como as mulleres de Esparta, alentan aos seus fillos pra novas pelexas. Arrodeánnos os oficiaes da prisión que, cando encomenzan os goras, bóttannos fora aos rolos.

Xanto con Batista, Riera i Puntí e Pau Vila.

Imos logo ao casal das *Emakumes* —que tamén se contan por milleiros e que son unha das forzas máis valentes do nazonalismo— e deiquí ao campo de San Mamede. Aparez Otero Pedrayo que ven de xantar con Estelrich.

No campo axúntanse máis de 30.000 persoas. Cando aparecemos nós na tribúa presidencial estoupa unha ovazón que non ten fin. Panos no ar, goras, berros de loita: as nais erguen no outo aos seus pequenos, como as mullericiñas do tempo de San Lois cando se falaba de Xerusalén. Eu teño nas mans a bandeira de Galeuzca entre as de San Jordi, Cataluña i-Euzkadi. Presíntese a loita liberadora. Con nós, na presidencia, confamos dazaséis deputados a Cortes, que non sei si terán pulo pra decirlle ao Goberno da mañitude desta festa.

Aitúan, entre espatadanzis e fiandeiras, máis de 3.200. O intre no que sae a bandeira basca —levada pol-o porteiro do Athletic— e todos caen axoellados e o rapaz axíta-a sobre as cabezas dos atreitas, é dunha emozón sin par. Aquelas trinta mil persoas reventan outra vez en goras que xa é tempo de que resoen na concenza e na sensibilidade da Europa nova. Pro alá van catorce anos do paito de Versalles!

Safmos do campo entre lusco e fusco e soio topo un borracho que por certo pasa o tempo dando vivas a Hespaña.

Vou cear con Otero Pedrayo e converso con ele hastra perto das tres da mañán, póndo-o en antecedentes de todo o que foi acontecendo na viaxe dende Compostela. O gobernador —que prohibíu o alarde e non perdonóu meio pra deslocir a diada— non pode impedir, nin con toda a súa policía, que nesta noite manífica as rúas de Bilbao reventen en milleiros de canzóns patriótecas i-en goras da máis eispresiva siníficazón.

1 agosto.

Érgome cunha fadiga que me caio. As nove saio nun auto co-a Srta. Urcelay, Isusi e Rezola, meus tres milliores amigos de Euzkadi, pra Donostia. Detémonos uns intres en Cestona e logo en Loyola onde, na verdade, soio me chaman a atenzón unhas lápidas de mármore todas encheitas de letreiros bascos. ¿Supoñen unha fraudicación dos xesuítas diante o nazionalismo? ¿Siñifican un xesto de sinceridade da Compañía, eiquí, no seu país natal, onde non ten que finxir sentimentos nin dobregarse a eisixenzas estranas?... O resto non me intresa: nin capela, nin mosteiro, nin santa casa; ren. Ar xelado de todal-as mansións xesuítecas, riqueza valdeira de todo sentimento artísteco, e fumes de turismo beateiro nú de emozón relixiosa.

Azpeitia. O paisaxe, sempre amabre, húmido, verdecente, máis doce —moito máis— que pol-as montanas de Bizkaya, máizase de costruzóns da máis ergueita e sensible eleganza. Imos decorrendo pobos nomeados en todol-os roteiros plutócratas, e nos nosos ouvidos semella que se debuzan todal-as notas do gran mundo escritas pol-os xornaes da corte dende a Rexenza. Lasarte: autódomo, golf, perfumes de París, ouro dos máis vellos bancos londinenses...

Chegamos a San Bastián e directamente imos à Audiencia pra sabere do resultado do proceso Idiáquez. Xa remataron e non topamos a ninguén que nos dea novas. Este proceso é por demáis curioso: dous homes pelexan; cando un dos loitadores está a cair, chega o seu irmán que o olla en trance de morte, sae na sua defensa e mata ao agresor. Proceso. Os xurados non entenden nin unha verba de castelán, e coidando que emiten un veredito ausolutorio, responden a contrarias e o irmán salvador —Idiáquez— é condeado a cadea perpetua. Xa na rúa os coitados xurados coñecen as consecuencias tráxicas da sua confuseón, e fan púbrico que eles non falan máis que eusquera, que non entenderon as preguntas que se lle fixeron e que querendo ausolvere a Idiáquez resulta que o condearon; queren deixar a sua concenza tranquila. Entón os xurados son procesados «por quebrantamiento del secreto sumarial». Este segundo proceso é o que rematou denantes de chegar nós.

Lévanme ao Hotel Arana, encheito de maquetos bañistas. Logo nun café (esquecínme do nome) teño unha longa conversa con cataláns e bascos compañeiros de viaxe. Pergúntolles, agora xa un pouco lonxe, qué lembranzas trouxeron do meu país, coal é a lembranza que fica máis prendida neles. Veleiquí as respostas:

Pau Vila.—Galiza parecéume un pobo de chan riquísimo pro que non lle tira toda a súa ventaxe. Os homes tiveron que fuxir e as mulleres teñen de sustituílos afastándose das súas aitividades naturaes. Cando Galiza se governe por sí teño a certeza de que a emigración evitaráse e as xentes poderán restituírse aos seus traballos propios, i-entón veráse qué rico pobo é.

Rezola.—O que máis me impresionou foi a paisaxe e a orixinalidade e rexa persoalidade do seu pobo; a depresión políteca xeral e a espranza que esperta o galeguismo.

Dr. Xirona.—A torre da Berenguela e o empuxe esgrevio dos Ul-treyas.

Pich.—A paisaxe, o carácter dos galegos e o entusiasmo dos galeguistas. En oposición: o hespañolismo incomprensible de algúns galegos, a indifrenza da maoría diante o movemento galeguista, e a propensión ao caciquismo persoal.

Rosquellas.—Galiza está ben disposta pra recoller a semente nazonalista, entre outras razóns porque aínda o pobo conserva a súa língoa. O problema fica en sementar ben.

Batista i Roca.—O que máis me impresionou foi o elemento humano, o pobo: os labregos pol-as rúas de Compostela na diada nazonal. Seméllame que a muller é a forza máis rexa da súa raza. Percébase logo o esquecemento en que os gobernos da Hespaña tiveron ao seu país, hoxe probe, pro aínda encheito de mañíficas posibilidades que teñen de dare seu froito cando se restituía a persoalidade nazonal. O íntre está a chegar: pol-o renacemento xeral do celtismo no que Galiza é un episodio, pol-o rexurdimento das nazóns peninsulares hastra agora agrilloadas pol-a hexemonía de Castela, e porque a inteleitualidade está en pé de guerra e na intelixenza está sempre a certeza da vitoria.

Muñoz Castanyer.—Impresionóume o sentimento relixioso que aletexa en toda a vida galega, e tamén a eisquisita calidade dos inteleituaes, todos eles nas vanguardas do galeguismo. O pulo das mocedades e a orgaización de *Ultreya*.

Irujo.—As rúas baixas. E o forte contraste entre a inteleitualidade, vinculada ao nazonalismo — máis que en ningún outro movemento nazonalista da península, e acaso como en calquera dos máis rexos do mundo — e a despreocupazón aparente da burguesía por estes problemas. É terra de contrastes, que se olla tamén entre a vida amable da costa e a probeza do interior.

Xulio R. de Oyaga.—A xuventude. Contando con ela e un pobo sin espranza, o pobo por forza ten de sere nazonalista.

Todos xuntos imos logo ao *Eusko Piskundia* (Renacemento bas-

co) club nazonalista, moi ben posto, con grande luxo, onde se xunta a élite donostiarra. Pergunto pol-o insiñe P. Donostía que está de repouso fora da cidade e teño con ele unha longa confrenza por teléfono.

Eiquí coñezo a D. Isaac L. Mendizábal, home de grande simpatía e dunha erudición pouco vulgar. Rexenta unha editorial que leva dous séculos de traballo. Semella home rico, fidalgo, que traballa por patriotismo e non por necesidade. Dime cousas moi intresantes, ten en venda máis de un milleiro de libros, dos que leva publicados en eusquera un quince por cento. Asegúrame que os escritores máis apreciados no idioma indíxena son o Padre Mendiburu, no século dazoitto, e na actualidade o romancista Domingo Aguirre e o poeta Xavier de Lizarde. Os libros en eusquera véndense especialmente na mocidade. O núcleo intelectual máis rexo —dime— radica en Bilbao, cerne do nazonalismo. Leva publicados difrentes libros de rezo, un da súa autoría. O primeiro libro que apareceu en eusquera data do 1545 i-é na Bibrioteca Nazonal de París onde se conserva o eisemprar úneco que se coñece. Vai sere reeditado en faisímil.

Mendizábal percorreu casi todo o mundo e non coñece Galiza. Fálame con sabenza e moito tino de Rosalía, Curros e Brañas. Nunca ouvíu falar de Pondal.

Lévannos ao Museu de San Telmo que me paréz un pouco abandonado, sendo de grande riqueza e de imenso intrés etnográfico.

Imos despóis ao casal de *Acción Nacionalista*, onde se recollen as ezquerdas do nazonalismo. Nótase axiña que Acción é moito máis probe que o Partido Nazonalista e non está tan ben orgaizada, mais na verdade teño de confesar que os seus afiliados son dun sentimento arredista que non desmeréz do das xentes do Partido. Convidáanos tamén, xentíísimos.

Alá pol-as sete damos un mitin no teatro dos *Pospolillas* (nenos nazonalistas). Escóitannos máis de dous milleiros de persoas: cregos, soldados, mulleres do pobo, damas carregadas de brilantes que viñeron en autos eispréndidos, vendedores de xornaes, obreiros, navieiros millonarios. O teatro non ten palcos nin cadeiras de preferenza i-elo da un ar de fraternidade ao comicio que nos impresoa. Conmove ollar con qué simpatía e sinxeleza conversan xentes das máis opostas crases sociaes. Falamos Ernandorena, Pau Vila, Pich, Batista i Roca e a final eu. Cada un na súa língoa e todos nunha ergueita arela de independenza. O púbrico estoupa en ovazóns cramosas que semellan non ter fin. Estóu sorprendido. Eu coidaba a Donostia infruída pol-o imenso porcentaxe de estranxeiros que a viven e visitan, e vexo agora o empuxe da reaición nazonalista tan forte

acaso como nas terras de Bizkaya. Fixen un dos discursos máis violentos da miña vida e a moitedume acompañóume nele apoiando miñas tesis apaixonadamente.

Despóis de xantar imos gostar un cafeciño no H. Europa cos irmáns de Cataluña, e logo todos xuntos visitamos o local do Partido Nazonalista. Van con nós algunhas seoras, entre elas unha rapaza fermosísima, ademirabre, cautivadora que se chama María Xosé Ganuza (ela dí, está craro, Ganuza tar Mari Josep). Fáise unha pequena festa hastra meia noite pois a policía chega a prohibire que se cante nos locaes nazonalistas despóis desta hora, namentras consinte abertos os cabarets, cafés de cante e outros divertimentos hastra a mañanciña.

Maripepiña, adorabre, canta *Itxasuan laño dago*, *Abeztu Ezkorrá*, *Ortzi Izar Edena*, e outras cancións belsímimas. Unha delas préndeme que me cativa, e a rapaza tradúcea:

Anxeliño do ceo
como unha estreliña;
eu quérote a ti máis
que o paxaro à sua cría.
No mar hai néboa
hastra a barra de Bayona,
eu quérote a ti máis
que o peixe às ondas.

¿Por qué Maripepiña fáime lembrar a Xohana d'Arc? É doce como ela, e soave, e tenra, e dunha inxenuidade de nena; e como ela guerreira, valente, alentadora. Xa pasóu tamén as suas persecuzóns e calquera día voltará a cair na cadea. Como Haide de Aguirre en Bilbao é a orgaizadora das emakumes, como ela é muller de grande fortuna e outísimia categoría social, e como ela o sacrificóu todo, no millor da vida, a esta tarefa de sere útil ao seu pobo.

2 agosto.

Sáimos pra Tolosa onde repousamos no batxoki, estupendo, que costóu perto de catro millóns de reás e foi feito, como todol-os batxokis, con aizóns de cinco e dez pesos. Volto a topar ao grande tolosán Mendizábal que me agasalla cun libro de leituras pra escola, en eusquera, como endexamáis olléi de millor feito.

En longa ringleira de autos enfiamos as terras de Nabarra; Bizkaya e Guipúzkoa fican atrás. Qué impresións levo destas terras?

Que o nazionalismo e o carlismo conqueriron nelas à totalidade da poboación indíxena, aquele cunha ventaxe do oitenta por cento sobre éste que hoxe ou mañán será ausorbido pol-os patriotas. Inevitablemente. Que dentre os pobos con persoalidade dabondo pra sinalar unha rexa difrenzazón cos seus veciños, Euzkadi ocupa o primeiro lugar, mais ten en sí dos inimigos considerabres: un a perda do idioma que, contra todo o que me falen, eu vin que apenas é practicado fora de unha minoría pequenísima; outro que estas fondas difrenzazóns raciaes latexan na maor parte dos bascos como un sentimento pro non como un estado de concenza.

O Partido Nazionalista ten na sua ventaxe contar cunha orgaización perfeita como non terá semellanza no mundo. Esta orgaización —que abrangue a vellos, nenos, mulleres, obreiros, empregados, rentistas, etc.—, dalle forza económea pra pôr na práctica cantos proietos queiran maxinar e supón unha continua movilizazón políteca, en control esaitísimo, que eu olléi confirmando esta afirmazón de Arbeloa que suscribo: si da noite pra a mañán Euzkadi ficase ceibe, o partido en meia hora substituiría todol-os órgaos de poder e adeministración de tal xeito que nosa vida estatal non se demoraría dez minutos. Asombróume o sistema outamente democrático de eleición pra direitivos e a autoridade destes, xa eleitos, que fica omnímada, indiscutible; eu vin que pra un nazionalista as decisións do presidente do Euzkadi Buru Batzar poden máis que as dun xefe de goberno.

Efeitivamente, como xa supuña, o nazionalismo (Partido e Acción) non dispoñen de núcreos inteleituales; descontadas algunhas eisceizóns os inteleituás bascos ou lle son inimigos ou indifrentes, que é moito peor. En troques conta co-as masas proletarias.

Dixéranme os cataláns —i-eu puiden comprobalo en parte— que o que lle falta ao nazionalismo é temperamentos polítecicos dirixentes. En parte, pois si ben é verdade que con respecto a Madrid non tiran nin tiraron endexamáis as ventaxes que estaban en condizóns de conquerir, nin souperon posibilitar a tempo un Estatuto que xa debería estar en funzóns, tamén é certo que souperon prantear seu problema na políteca de Europa cunha eficaz e unha oportunidade superiores à dos cataláns e non dispuñan de homes como Cambó en trato diario cos homes de Estado máis nomeados do noso tempo. Teño pra mín que hoxe as cancellerías seguen con máis intrés o desenrolo do nazionalismo basco, que os avances do catalanismo.

Deixo estas terras con mágoa. O pobo, a ferver, agarda o intre de botarse na loita definitiva; a vitoria é cousa descontada, garantida.

Mais non sei si os dirixentes terán pulo pra dispor o intre da pelexa; duvido que receien e deixen perder esta ocasión que nunca lles voltará tan favorable. Qué dôr si toda esta paixón se perdera no xogo dunhas eleizóns a diputados!

Xa andamos pol-o amplo val de Ergoyena. No noso auto, a conversa técese en col do San Miguel de Aralar onde fai pouco se fixo unha xuntanza de máis de vinte milleiros de mendigoxales. Ascendemos ás outuras de águia de Lizarraga. Alá enriba, no máis outo dun penedo, que me fai lembrar nosa Pena Corneira ribeirán, un fato de rapaces nabarros co-as bandeiras bicrucíferas bota no ar o ululo dun irrinchi que nos arrepiá. Lembro as loitas carlistas. Acougamos. Presentazóns. Entre os catrocentos homes que están na nosa espera, aperto a man dun galego, o Dr. Bescansa.

Troca a paisaxe. Agora longas planuras, pó, ar abafante, cigoñas... un noi sei qué de Castela. Diante de nós vai un autobús encheito de mozos que cantan:

Suene el irrinchi intrépido,
gora la bandera escotarra,
corra la sangre hispana
mientras dure la invasión.
Unámonos todos los vascos
y olvidemos nuestras penas
y rompamos las cadenas
del yugo franco-español.
Unámonos sin cesar
que la victoria nuestra será.
Gora Euzkadi escatutá.

O nazonalismo eiqú, ten un certo ar de requetés.

Pouco despóis das once xa imos pol-as rúas de Estella, cidade da que non gosto e discúlpenme a sinxeleza. Seméllame Medina do Ríoseco, ou Penafiel, ou Simancas ou calquera das vilas casteláns. Cheira a fariña, a óleo, a pantrigo. Lévannos ao pazo dos reises de Nabarra (século XII), ao fermoso mosteiro de San Pedro da Rua, do mesmo tempo, ao casal dos Santos... todo moi intresante, pro todo requemado, resexo. O pazo de Fr. Domingo de Estella gostaríame si non me lembrase aqueles pazos de Valladolid que cheiraban a bestas e a coiros. En San Pedro —(hastra eiqú a lembranza do meu país!)— ollo unha reliquia de San Andrés deixada pol-o obispo de Petrax cando fá en pelerinaxe a Compostela.

Xantar de honra no batxoki cun bó discurso arredista do presi-

dente do concello Fortunato Aguirre. Paixón arredista no ambiente. Falamos tamén Galdeano, Navascués, Muñoz Castañer e máis eu. Remato de comprender a traxedia destas terras de Estella pol-a paisaxe casteláns e pol-o sentimento bascos, onde se mantén aínda o fogo das loitas carlistas, onde os monárquecos — hespañolistas — e os nazonalistas, ódianse con furor de séculos. O xesto dos patriotas eiquí ten un dramatismo que arrepiá.

Sáimos pra Olite, acompañados de máis de douscentos nazonalistas, entr-eles o presidente do concello de Ciego (Alava). O castelo de Olite é dun romantismo suxeridor. Volto aos meus dez anos fundidos nos romances de Ortega e Frías e Fernández e González. Por eiquí xa o hespañolismo está en maoría.

Tafalla, onde se nos recibe con bandeiras de Euzkadi i-Hespañia xuntas. Receizón no concello. Viño de honra no batxoki. Discursos de Pau Vila e outro meu, obrigado a pedido insistente porque xa non teño forzas nen folgos. Un rapaz, pésimo poeta, dí uns versos que recenden arredismo. Falo cun castelán que maldice do seu país. Escarnadas, núas, sanguíentas i-heroicas terras éstas onde estáse aínda a vivir unha xesta medieval máis ben pra dita en romanceiro. Eu estou aboiado, xa nin sei qué pensar. Dunha parte síntome isolado, estrano, incompatible con esta xeografía que repudio; da outra préndenme estas xentes que berran: contra a xeografía, contra a historia, contra calquera dereito ou obriga, pol-a nosa vountade de homes somos bascos e denantes estamos con Donostia que con Hespañia.

Sáimos pra Pamplona. Pecho os ollos e procuro durmir pra non ollar esta paisaxe. Espértame no Carrascal un vento aloucado de mitoloxía que me pon medo nos hosos. A planura de Noaín; Irujo lembra a pelexa con estas verbas a final: e a pesar de Noaín, somos bascos.

En Pamplona un recibimento apoteóseco. As xentes fai duas horas que nos agardan. Entramos no batxoki baixo un túnel de espadas cruzadas que manteñen co-as suas mans de ferro os mozos arredistas. Discurso formidabile de Urmeneta que adica a sua millor ispirazón a nosa Rosalía, outro de Mireu de Suiza, unha rapaza que paréz feita con sangue de María Pita, e outro de Batista i Roca. A final falo eu en longa arenga guerreira. Viño de honra. Un rapaciño, que recende simpatía, ofréceme a sua faixa verde de espatadanzí que agora eu teño no meu casal de Esposende, na panopria, como unha banda de condestabile. É unha das lembranzas pra mñ máis estimada.

Imos dar o pésame aos fillos de Aguerre (presidente da Solidaridad de Obreros Navarros) que morréu hoxe. Recíbenos un irmán

do malogrado loitador, que nos fala cunha serenidade de santo; é obreiro tamén e tamén nazonalista dos ben probados. A escea pásase nun escritorio acugulado de libros —Historia, Arte, Socioloxía— onde latexa aínda o recordo do bón cidadán.

Banquete sin discursos. Logo café no *Eusko-Euskoechea*. Durmimos no Hotel Maisonave que me fai lembrar aquelas fondas inhóspetas e resésegas de Badaxoz, que non esqueceréi namentras viva.

Día 3.

Adiante no roteiro. Pasamos perto do mosteiro de Xavier, casal dos derradeiros defensores de Nabarra. Gofii eisprícanos todo. Fica na esquerda o mosteiro de Léide onde se gardan as cinsas dos reises. A historia zoa nos nosos ouvidos. Detémonos en Liédena —xa na fronteira— e pomos os seguintes telefonemas que eu redaito:

«A Perea.—Bilbao.—Al abandonar Euzkadi saludamos nombre patriotas gallegos y catalanes autoridades Acción Nacionalista haciendo votos libertad patrias respectivas. Esperámosle sábado Barcelona.—Batista.—Casas».

«Presos nacionalistas cárcel Larrñaga.—Autoridades partido nacionalista y delegaciones patrióticas Cataluña y Galicia al abandonar Euzkadi os enviamos fraternal agur envidiando vuestro sacrificio por Patria.—Dotxandabarat.—Batista.—Casas».

«Gárate.—Bilbao.—Al abandonar Euzkadi representaciones catalana y gallega Galeuzca queremos expresar autoridades partido nacionalista gratitud imperecedera por atenciones recibidas suplicando trasmitan nuestro agradecimiento a entidades patrióticas, esperando sabrán perseverar heroica actitud aún ante persecuciones injustas de que fuimos testigos. Por libertad nuestras patrias respectivas. Aurrerá.—Batista.—Casas».

«Ministro Gobernación.—Madrid.—Nacionalistas catalanes y gallegos vémonos necesidad hacer presente V. E. que de uno a otro linde Euzkadi presenciamos persecuciones y atropellos hermanos vascos que mueven nuestra protesta contra representantes V. E. negación rotunda principios libertad democracia que creíamos esenciales régimen republicano.—Batista i Roca.—Casas.—Dr. Jirona».

Estes telefonemas foron postos às once e coarto pol-a telefonista Srta. Xusta Iriante.

Pasamos pol-o pantano de Jesa deténdonos no mesón de Carri-ca. Ollanse ao fondo as cumes dos Pirineos en azús esvaídos do paisaxe pictórico.

Deixamos Nabarra, este grande drama histórico que aínda ninguén sabe como rematará. Levo na man o mapiña en cores que a desaña entre Araba, Bizkaya, Guipúzkoa, Laburdi, Benabare e Zuberoa; véxoa co-as suas cadeas no grande escudo da patria ensoñada; na profisión de fe destes crêntes, parezme que foi ela que escribiu o Janu-Goikua eta Lagi-Zarra que é a primeira decrarazón deste grande credo étnico, mais con todo eu veño de ollar un país que atreverfame a vulgar anti-Euzkadi. É moita a coraxe dos nazionalistas, moita a forza do seu partido, moito o que pode a vountade dun pobo disposto a todo con tal de crebar as suas cadeas, moitas as ventaxes que reportaría aos nabarros a sua vinculazón ao país basco, mais eu dou por certo que Nabarra resolveráse nun arredismo pecho nos seus lindeiros aituás.

Xa corremos por Aragón. Coyos, pinchazos, paludismo, xeofísica, brasfemias, i-esa cantiga que chaman a *jota* e que non comprendín nunca.

Jaca, Cillas... Revívese o movemento de Galán. Aquí estaban os cañóns, eiquí cairon os primeiros feridos, eiquí foron afusilados.

En Huesca xantamos no Hotel San Lorenzo, i-eu vóume afeitar nunha barbería onde teñen cita total-as moscas do mundo, onde aínda se fan trenzas pra mulleres con cabelos de mortas e aínda se locen frascos de almbare con samisugas pra apoplétecos. Qué noxo!

Uns señoritos máis cursis que os repolos dín non sei qué das nosas falas e das bandeiras que levamos nos autos e logo, como si nos insultasen, chámannos separatistas e botan a correr. Boeno.

Continuamos. Nun auto Dotxandabarat, Batista, Isusi, Goñi e máis eu. Goñi, que é un rapaz que en cada verba dá a parir unha sorpresa, eisprícanos xeolóxicamente a paisaxe con sabencia nada vulgar.

Xa con noite chegamos a Almasellas, primeiro pobo catalán, onde nos agardan os veciños co-as autoridás e música. Os nenos das escolas cantan en roda de nós un alalá que lles ensinou seu escolante:

Meu amor, meu amoríño,
onde estás que non te vexo,
mórrome de soedades
e día e noite en ti penso.

Asegún me dí un cativo, este escolante escrébese co de Ponte-deume e trócanse xornaes, canzóns, postaes, etc.

Continuamos o noso camiño. Os cataláns, xa na sua terra, semella que renacen: falan máis, móstranse máis ledos.

En Lérida fannos un bó recibimento, autoridades e pobo. Receizón na Comisaría da Xeneralidade e no Concello con discursos do deputado a Cortes Humberto Torres, de Irujo e unhas verbas miñas. O concello decráranos hóspedes de honra, no Hotel España, e pon nas nosas mans unha tarxeta que dí:

«Homenatge als nacionalistes bascos i gallecs al seu pas per Lleida. Ciutat, 3 d'agost de 1933».

Despóis da ceia, na Poeria, en compañía de todas as autoridades, fannos serenata o *Foment de la Sardana*, o *Orfeo Lleiditá* e a *Esbart Dansarie*. Outra vez temos de falar, ésta dende unha xanela, a unha moitedume imensa que enche a praza.

Lléida dende logo —unha cidade fermosa, rica, boa, de xentes moi xentís— non me paréz terra moi catalanizada. Por calquera recanto, onde hai unha bandeira co-as barras, non falla endexamáis a tricolor; onde teñen un retrato de Maciá, dependuran outro de Alcalá Zamora. A *conllevancia*. Nas tendas, cafés, etc., todol-os letreros en castelán. Moi poucos falan en língoa catalán, e as xentes ríronse a encher cando Irujo lles falou en eusquera. Qué máis? O tíduo ben significativo do Hotel España, e o discurso do Sr. Torres que xira a coffo en col deste pensamento: «Euzkadi, Galiza, Cataluña y por encima de todo España».

Fuxo sin sere notado e voume deitar. Isusi, meu benquerido Isusi, comprende a miña preocupazón e ven conversar comigo longamente. Coincidimos en todas as nosas ideas.

4 agosto.

Os compañeiros de viaxe van ollar a Seu Vella da que gostan moito. A mín non me espertan hastra o intre da saída pra que poida repousar máis. Otero non parece, con Castelao ninguén conta i-é natural que aínda me agarden algúns traballos. Todos entenden que a miña resistencia vai finando.

Perto das dez saímos pra Poblet, mosteiro fermosísimo, xoia das máis estimadas da histórica e das artes cataláns, que nos amosra con defimento o arquitecto César Martinell. Eiquí recibimos os complementos dunha delegazón de Unió Democrática, que chega de Barcelona.

Saímos pra Tarragona. Eu volto a fuxir sin sere visto e vou xantar a unha taberna na praza do concello, en procura dun tipismo que non encontro. Seguen os letreros en castelán. Xuntámonos no café Europa, onde non se escoita verba en catalán. Os patriotas non ca-

lan a sua pesadume. Aparéz Bon, o caricaturista, na sua camioneta bohemia feita pra aboiar a parbos e novos ricos. Os xornaes dándonos benvindas.

Moito castelán e algúns murciáns e andaluces. Renart afástame destas angueiras e lévame ao balcón de Pilatos. Deus lle pague, meu bon amigo, a salvazón. Gozo unha das emozóns máis fortes da miña vida. Qué difrente esto do meu país, e con todo qué impresoante! O mar chan, relocinte como aceiro, casi quedo; cheiro de sal que se entra pol-os folgos. Na costa oliveiras, casas brancas, palmeiras... Estánse a ollar os barcos de Roma cos mercadores. Latiñidade, esto que eu comprendín sempre e non sentira nunca. Imperio.

Alá pol-as cinco proseguimos viaxe pra Sitges; nun auto Dotxandabarat, Batista e máis eu. Eiquí agárdanos Carrasco Formiguera. Un té no casino. Supereleganzas; na piscina cocotes dos milllores cabarets do mundo e fidalgos degostadores das máis raras eisquisiteces. Eiquí, na sua terra, fica Planas, noso respeitabre amigo e compañeiro de viaxe a quen non esqueceremos en moito tempo.

En Pedralves ordéase a caravana, aumentada por autos con novas representazóns.

A chegada a Palestra é indescritible. Agárdannos milleiros e milleiros de cidadáns, con bandeiras de total-as orgaizazóns patrióticas, entoando *Els Segadors*. Representazóns da Xeneralidade e Concello saúdannos. Entre as comisións vexo un grupo de galegos co-a bandeira do noso país que mantén ergueita o irmán Lois Suárez. No casal de Palestra o mestre Pompeu Fabra dinos un discurso de benvida, e outro Armengol de Llano en nome do Concello. Respondémoslle Teodor Hernandorena e máis eu. Percebo cualquer incidente entre un fato de mozos —con certeza das xuventudes católicas— e Badía, rexente dos *Escamots*. A moitedume obrírganos a sair à xanela. Falamos Isusi, Hernandorena e máis eu que digo unhas verbas violentísimas que o pobo acolle con ovazóns eleitricantes. Este discurso promoverá incidentes graves dos que me ocuparéi. Fala logo, a pedido do púbrico, Maspóns i Anglasols o loitador nacionalista máis xurdio e ben querido dos patriotas.

Fánme unha pequena interviú pra a «Vanguardia».

Invitados por Jaume Rosquelles —noso inestimabre compañeiro de viaxe— imos aos estudos de Radio-Associació que ele preside. Unha copa de xampaña e outro discurso, esta vegada aos radiointes. Teño nas miñas verbas unha lembranza pra os profesores Albert del Castillo e Calvet, da nosa Universidade, que tanto nos axudan no noso movemento. Falan tamén a Srta. Paz Cistiaga e Irujo por Basconia. Escrebimos unhas liñas no álbum da radio e fíranse máis fo-

tos. Na rúa, ao decatarse o pobo da nosa saída, tribúttannos novas ovazóns.

Ceamos na intimidade no *Nouvelle Hotel*, onde temos o aloxamento.

Todol-os xornaes adícanos verbas de cumprimento afervoadamente fraternas. Rossend Llates, dí nun longo artigo en «Publicitat»: con Galiza i-Euzkadi xúntanos a coincidencia na doitriña... cataláns, bascos e galegos temos que darlle un senso auténtico à revoluzón.

A «Veu» diz: a liberdade de cada un será a garantía da liberdade de todos; o convivio das nazóns hispánicas nunha laboura co leitiva, darálle aos nosos pobos un ideal común e fixaraos nunha realidade xeográfica i-económica e tamén nunha concenza histórica e nunha irmandade espritoal.

«Humanitat», que olla en Cataluña como a irmán maor dos outros pobos ibéricos, eispecialmente de Euzkadi e Galiza, dí que xa conqueridas algunhas reivindicazóns teñen de se sentir ligados a aquelas terras irmáns como se sentiron nos tempos da escravitude.

Pau Vila fai un longo artigo en «Publicitat», documental, e apresetáanos a Otero, a Castelao e a mín con verbas cativantes. Dí que o feito de procurar reconquerir a prena persoalidade xunta agora a tres pobos que de lonxe se entendían e agora se poñen en conversa.

A «Rambla» dí que bascos e galegos ollaremos logo abrentes de liberdade; ficamos certo desto, engade, como cataláns e como demócratas republicáns.

5 agosto.

Toda a empresa catalán, sin eisceizón, continúa a ocuparse de nós e reseña nos seus termos a nosa chegada. A empresa de Madrid desfigura-a tendenzosamente procurando unha nova situación de violencia. O «Sol» (día 5) dí que se escoitaron morras à Hespaña, na rúa i-en Palestra. A mín atribúeme estas verbas:

«Galicia, tierra oprimida, víctima de un país que pretende dominarla por la fuerza, os trae un saludo fervoroso. Con el polvo de la tierra extranjera que nos vimos precisados a pisar para venir a Cataluña, venimos a daros un abrazo y a unirnos en él para arrancar la soberanía indiscutible a que tienen derecho los pueblos libres, dueños absolutos de sus destinos».

«A B C» (tamén día 5) dí que eu arrinquéi *el caluroso aplauso de la concurrencia*, ao afirmar que me xulgaba satisfeito de non ollar, entre as bandeiras dos nosos pobos, aquela outra que nos ofen-

de. Dí tamén que os bascos «se hallan en un grado de indecible excitación».

Estas duas informazóns promoven un discurso no Parlamento hespañol de Pérez Madrigal, apoiado por Royo Vilanova e unhas verbas de outro louco que berra dende a tribúa púbrica. A maor parte da empresa galega recólleas pra ferir ao nazionalismo e inxuriarnos a nós. O partido galeguista de Vigo, encheito de medos, publica a seguinte nota da que, certamentes, hoxe están arrepentidos:

«Faro de Vigo», en un editorial que publica en su número de ayer, reproduce frases que estima de carácter separatista, y las presenta como pronunciadas recientemente en Barcelona, por dos diputados de conocida filiación en el Partido Galeguista.

»Se trata, sin duda, de un error de información, que es de justicia subsanar. El único diputado gallego que estuvo en Barcelona, con motivo de la visita a que el editorial se consagra, es el señor Otero Pedrayo, el cual no tomó parte en los actos donde se dijeron tales expresiones, ni puede considerarse, por tanto, responsable de que hayan sido emitidas.

»Las reseñas periodísticas de todas las tendencias, han puntualizado nombres de la persona o personas a quienes corresponde la paternidad de tales frases; que ciertamente tienen autores suficientemente responsables, si bien ajenos totalmente a los cuadros del Partido Galeguista.»

Chegón de Madrid Otero Pedrayo, pro Castelao e Picallo non aparecen.

Imos comprimentar ao presidente de Cataluña, que nos recibe na Generalitat. A escea pásase conforme ao protocolo. Batista i Roca fala o primeiro e dí:

«Honorable Sr. President: En retornar a la Pàtria, després del viatge per Galicia i Euzkadi, és per a nosaltres la primera preocupació venir a saludar-vos com a la més alta representació de Catalunya.

A ella, a través de la vostra persona, voldríem fer arribar les cordialíssimes demostracions de simpatia que a Galicia i a Euzkadi hem rebut els catalans i les aclamacions que per a ella hem escoltat arreu, eixides de llavis dels pobles gallec i basc.

La causa d'aquesta simpatia que la nostra terra pertot desvetlla, creiem, Sr. President, que radica en el fet que Catalunya simbolitza avui la llibertat, i en l'esperit generós i universal del nostre nacionalisme. El nom de Catalunya fa néixer avui l'amor i l'esperança d'un demà millor en l'ànim dels patriotes de Galicia i d'Euzkadi, que com en la dita clàssica esperen que de l'Orient els vingui la llum.

Expressió d'aquesta simpatia i comunitat d'ideals, és l'acte d'ara, en el qual em correspon l'honor de presentar-vos, Sr. President de Catalunya, els representants de Galícia i d'Euzkadi.

Les relacions de comupentració espiritual entre les tres nacionalitats han arribat ja a tal grau de maturitat, que mans més altes que les d'aquells que les han iniciades poden ja acollir-les amb amor perquè amb majors coneixements puguin ésser endegades rectament per al millor reeiximent dels nostres comuns ideals.

I no voldria acabar, Sr. President, sense reiterar-vos l'expressió del meu lleial homenatge a tot el que simbolitzeu per als catalans».

Logo adiantome eu e leio o seguinte discurso:

«Honorabre Seor Presidente: Meu país tivo a honra de recibir fai algúns días a visita dunha diñísima delegazón catalán. De como alí foi acollida, as verbas amabres e xentilísimas do Sr. Batista i Roca acredítano millor do que eu.

Pra retribuir os comprimentos dos vosos compatriotas cábenos a honra cativante de presentarnos no voso país e, nesta representazón, a lediza inmerecida de ser recibidos pol-o honorabre seor Presidente de Catalunya.

Desmintiría a vountade do noso pobo, si neste intre non elevase a V. H. as nosas homenaxens máis rendidas. Díñese aceitalas e transmitir ao nobre pobo catalán as probas máis firmes da nosa adhesión.

Galiza e Catalunya, xuntas por tantos inquedos e tantas arelas, apértanse unha vegada máis no firme desexo de continuar os roteiros groriosos que a Histórea nos asiñalóu e que en hora malfadada se crebaron.

Unha vegada este desexo noso de colaborazón patrióteca con voso pobo, perfilóuse nun paito que todos lembramos. Nosa representazón parlamentaria fixo honra á doitriña que entón se sustentóu. Agora as novas xeracións da miña pátreia, siñando o paito de Compostela, dispóñense a pôr en práitica a tesis doutrora co-a rotunda firmeza á que nosa diñidade e consciencia cevil nos obrigan.

Díñese recibir o honorabre Sr. Presidente a rexa eispresión da miña afervoada simpatía persoal».

O presidente do E. B. B. lê a seguinte coartela:

«Jaun agurgarria: Euzkadi, Catalunya'ra rator, eta sure aurrian jartzen dan une ontàn, agertu naidu, bera dan besela, bere jaskera'kin. Orregaitik eskeini nai disút, aurreneko agurra, gure izkuntzién, gure errien zigortuta dagoan izkuntzian, euskera ederrian. Agur bada Jauna, agur, euskadi'ko errian isenian».

Despóis, en hespañol, dí:

«Honorable Presidente de Cataluña: Mi País os saluda y en vos

saluda a toda la Nación catalana, y os muestra su gratitud sincera y afectiva por la visita que hace unos días hicieron a nuestra Patria dignísimos representantes de vuestro Pueblo, para intensificar los lazos de unión entre nuestros países.

Este afecto que por el Pueblo catalán siente el Pueblo Vasco y que es recíproco del vuestro al nuestro, no se ha creado ahora, pues como V. H. bien sabe, nosotros en repetidas ocasiones hemos probado nuestra sincera adhesión al problema nacionalista de Cataluña, a la cual el Pueblo catalán ha correspondido con igualdad de sentimientos y vos mismo, en gesto que no podremos olvidar nunca, habéis estado con nosotros en los momentos de dolor, interviniendo a favor de nuestros presos y al aceptar últimamente la Presidencia de Honor de la Junta de Socorros constituida en Cataluña, pro-damnificados por las inundaciones en Guipúzcoa. Mas toda esta cordialidad y este afecto que de verdad satisfacen mutuamente a nuestros Países, vienen acompañados de las amarguras de la hora presente.

Nosotros que al advenimiento de la República, lo dimos todo; nosotros que somos republicanos de antes, mucho antes del 14 de abril; nosotros que llevamos en nuestra misma entraña un caudal inagotable de esencia democrática; nosotros, en fin, que en el cambio de régimen sentimos nuestra alma henchida de esperanzas de redención, hemos visto con dolor que la situación de nuestro problema, parece afanarse en agravarlo.

Honorable Presidente: No exponemos nuestros dolores y nuestras angustias espirituales como manifestación de desaliento de nuestro País, hoy más que nunca enardecido en el amor a su Patria, sino por tener el convencimiento pleno de que los dolores que nuestra Patria sufre han de hallar eco en el ánimo justo y generoso de Vuestra Honorabilidad, que siempre se ha manifestado dispuesto a salir en defensa de toda causa de Libertad y de Justicia, y tened entendido que nuestro País en justa reciprocidad, estará siempre a vuestro lado, cuando de defender vuestra soberanía se trate.

Euzkadi aspira vanamente hasta ahora, como Catalunya con mayor fortuna, al reconocimiento de un derecho, disponiendo libremente del desenvolvimiento de su personalidad nacional.


Al rendir hoy homenaje a la Catalunya rediviva, lo hacemos con la firme convicción de que estos actos de confraternidad, entre nuestros Pueblos respectivos (frágiles separados e invencibles al aunar sus fuerzas), han de contribuir grandemente a crear un nuevo orden de relaciones entre los Pueblos Peninsulares y un futuro de Libertades y Justicia en la vida de Euzkadi y Cataluña.

Recibid, Honorable Presidente, los respetos y sinceros afectos

Ouxetos de arte

Vaixillas de todas crases

★

Casa 
MARIÑO

Oliva, 11
e Sarmento, 3

PONTEVEDRA



MOBLES ESTILO ESPAÑOL

★

J. LISTE NAVEIRA

RUA DO VILLAR, 25
SANTIAGO

Mercade sempre as Conservas

MASSÓ

Sardiñas

Anchoas

Mexillóns

As mellores do mundo

LINO

CAMISERÍA

Huérfanas, 1
SANTIAGO

TODOS ENFERMOS
QUE TOMAN

VIÑO MOSTADO

“TEF. RIÑA”

DEIXAN DE SELO

VENTA:

CASA LOZANO

Preguntoiro, 25
SANTIAGO

CAFÉ DERBY

HUÉRFANAS, 29

SANTIAGO

Propietario:

Avelino San Luis Vázquez

ONDE SE GOSTA

O MILLOR CAFÉ.

:: DA CIDADE ::

Pra artigos

de coiro, viaxe i-esport

ninguén como

TALABARTEIRÍA

VEIGA

Senra, 9

Santiago